

Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”

Por encargo da Real Academia Galega, desde xullo de 2020, un comité organizador dirixido por José Manuel González Herrán (Catedrático Emérito de Literatura española da USC, Académico correspondente da RAG), con Olivia Rodríguez González (UDC, Académica correspondente da RAG) e Alejandro Alonso Nogueira (Brooklyn College- City University of New York), como coordinadores, e Santiago Díaz Lage (UNED, Madrid), como Secretario, iniciaron os preparativos dun Congreso Internacional dedicado a Emilia Pardo Bazán, en conmemoración do centenario do seu falecemento en maio de 2021. O congreso, organizado pola RAG, contou co apoio organizativo da Universidade de Santiago de Compostela e do Consello da Cultura Galega, e co patrocinio da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña.

O Congreso tivo lugar na última semana de outubro de 2021, organizado en tres seccións: a primeira, do 25 ao 27, na sede da RAG, na Coruña; a segunda, o 28, no Colexio de Fonseca, da USC; a terceira, o 29, na sede do CCG, en Santiago de Compostela. Na RAG expuxérónse de forma presencial quince relatorios plenarios, impartidos por recoñecidos pardobazanistas, de diversas Universidades (USC, Complutense, Zaragoza, Alicante, Purdue University, Barcelona, Vigo, New York University, Rennes, UNED), e vinte e unha comunicacións, expostas -algunhas telematicamente- por investigadores de Universidades de España, Francia, Italia, Portugal, Estados Unidos, Xapón e Turquía.

A segunda sección do Congreso, na USC, dedicouse á curiosidade científica de Pardo Bazán, sobre a que disertaron en relatorios doce investigadores, investigadoras e docentes da USC. A terceira, no CCG, tratou a relación de Emilia Pardo Bazán coa Galicia do seu tempo, así como o seu pensamento social e feminista, en tres relatorios plenarios e dúas mesas redondas.

Todas as sesións foron emitidas telematicamente, e rexistradas videográficamente, podendo verse nestas ligazóns:

As da sede da RAG en:

<https://academia.gal/comunicacion/videos/agrupacion-380450>.

As da USC en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZVzAB9nhuY2_ocU9m9O9MM8

As do CCG en:

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLU-Ltp4laHcr4QC9xQ8rZuxeHd61715E>

O Comité de Redacción de *La Tribuna*, de acordo co Comité Organizador do Congreso, decidiu acoller, nas seccións de Estudos e Documentos deste número 16 da revista, correspondente ao ano 2021, os textos dos relatorios e comunicacións, revisados e adaptados ás normas editoriais, e sometidos previamente aos preceptivos informes de avaliación. Por diversas razóns e por decisión dos seus autores e autoras, non todos os textos presentados no Congreso se recollen neste volume: algúns publicaranse en próximos números de *La Tribuna*. Os editores deste número 16, encargados da coordinación e edición, son os profesores Olivia Rodríguez González e Santiago Díaz Lage.